



**CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE
IGUALDADE E BENESTAR**

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2012 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

I.1.1. ESTRUCTURA E COMPETENCIAS

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galiza e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio de data 3 de xullo de 2006 (DOG de 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados ao Consorcio de acordo co establecido no artigo 33 dos seus Estatutos. Na actualidade está integrado por 271 concellos e 4 mancomunidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten personalidade xurídica propia e diferente da dos entes consorciados, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e dispón dun patrimonio propio, sendo o seu réxime económico financeiro o que establece a lexislación de réxime económico e orzamentario de Galicia, coas particularidades previstas nos estatutos do Consorcio.

O Consorcio ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus Estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- a) Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- b) Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- c) Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.
- d) Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu

contorno propio.

E neste sentido, no cumprimento dos seus fins o Consorcio exercerá en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, as competencias específicas que se enumeran no artigo 7º dos Estatutos, correspondéndolle, entre outras:

- 1) O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia;
- 2) O establecemento de directrices xerais de cara a prestación de servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do Consorcio;
- 3) A determinación e/ou execución en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, reforma e/ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos;
- 4) A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios para acadar os fins do Consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

1.1.2. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2012

No terreo dos maiores, o principal ámbito de actuación do Consorcio segue a ser o crecemento e o mantemento da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores. Neste sentido os centros de día do Consorcio veñen definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diurna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual.

Xunto cos centros, o programa de comida a domicilio Xantar na Casa facilita o benestar e a atención social a persoas maoiores, dependentes ou en risco de exclusión, facilitando e garantindo unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda, o Consorcio participa da xestión da Rede Galega de Escolas Infantís, un proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos que ten por obxecto, dende a tolerancia e o respecto, permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega.

Outro dos ámbitos de actuación dentro do Consorcio é a loita contra a pobreza e a exclusión social a través do II Plan Galego de Inclusión Social. Nesta actuación traballan 18 equipos nas diferentes oficinas de inclusión repartidas polo territorio e outro equipo máis no Módulo Xove do Centro Penitenciario de Teixeira, todos eles baixo a coordinación de persoal dos servizos centrais do Consorcio en Santiago.

A atención á xuventude ten tamén cabida no Consorcio, a través da xestión dos

Centros Quérote + nos que se está a desenvolver o programa de asesoramento e de carácter informativo aos mozos e mozas posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude.

Por último, o Consorcio xestiona tamén o Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo, que, integrado na Rede Galega de Acollemento dependente da Secretaría Xeral de Igualdade, ofrece acollemento de urxencia e atención psicolóxica, xurídica e social ás mulleres e ás persoas menores ao seu cargo, estando prevista así mesmo a actuación de acondicionamento do edificio destinado a Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero no Concello de Santiago de Compostela.

1.1.3. INTEGRACIÓN NA FUTURA AXENCIA DE SERVIZOS SOCIAIS

Con data de 2 de xullo de 2010, a Asemblea Xeral do Consorcio, acordou a aprobación da integración do Consorcio na Axencia Galega de Servizos Sociais para, unha vez aprobados os seus estatutos por Decreto da Xunta de Galicia, dar lugar á súa disolución consonte o previsto no artigo 37.4 dos Estatutos do Consorcio. Neste mesmo acordo facultouse á xerencia do Consorcio á realización de todos aqueles trámites que, no seu caso, sexan necesarios para darlle efectividade a este acordo.

1.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2012			
ESTADO DE GASTOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
CONS. GALEGO SERV. IGUALDADE E BENESTAR			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2010	ESTIMADO 2011	ORZAMENTO 2012
1.Gastos de persoal	29.711	33.258	35.764
1.1. Dos cales: gastos de Seguridade Social	6.608	7.407	8.260
2.Gastos en bens correntes e servizos	13.095	16.601	22.943
3.Gastos financeiros	4	5	6
3.1. Xuros			
3.2. Resto de gastos financeiros	4	5	6
4.Transferencias correntes	250	18	
4.1. Ao Sector Público		18	
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP (Anexo 1)			
. Universidades de la C.A.			
- A Entidades Locais		18	
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
4.2. Ao sector privado	250		
- Feoga-Garantía			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL	250		
6. Investimentos reais	19.704	14.239	1.658
6.1. Terreos			
6.2. Inmovilizado Inmaterial			
6.3. Investimentos efectuados a través de sociedades instrumentais			
6.4. Investimentos efectuados por encargo a través de Sociedades Públicas			
6.5. Resto de investimentos reais	19.704	14.239	1.658
7.Transferencias de capital	349		
7.1. Ao Sector Público	349		
- Ao Estado			
- A Organismos da Administración Central, (especificar)			
- Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma			
- A Entidades da C.A. incluídas no sector AAPP	200		
. OAAA da C.A. (Especificar)			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades de la C.A.	200		
- A Entidades Locais	149		
- A Consorcios			
- A entidades da C.A. non incluídas nas AAPP			
- Ao resto de entidades do sector público			
7.2. Ao sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	63.112	64.121	60.370
8. Activos financeiros	8.767		
8.1. Aportacións de capital a entidades da C.A. en AAPP			
8.2. Resto de activos financeiros	8.767		
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	71.879	64.121	60.370

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2012			
ESTADO DE INGRESOS DE OUTRAS ENTIDADES DA COMUNIDADE			
CONS. GALEGO SERV. IGUALDADE E BENESTAR			
	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2010	ESTIMADO 2011	ORZAMENTO 2012
3. Tasas e outros ingresos	5.144	6.652	8.365
3.1. Tasas académicas			
3.2. Outras taxas e precios públicos	5.028	6.614	8.365
3.3. Outros ingresos	116	38	
4. Transferencias correntes	49.973	40.114	50.348
4.1. Do Sector Público	49.973	40.114	50.348
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	48.168	38.551	41.948
- De Entidades da C.A. recollidas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A.			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais	1.805	1.562	8.400
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
4.2. Da Unión Europea			
- Do Fondo Social Europeo			
- Outras da Unión Europea (ESPECIFICAR)			
4.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
5. Ingresos patrimoniais			
5.1. Xuros			
5.2. Outros ingresos patrimoniais			
6. Alleamento de investimentos reais			
6.1. Terreos			
6.2. Resto de investimentos reais			
7. Transferencias de capital	16.762	7.236	1.658
7.1. Do Sector Público	16.762	5.929	930
- Do Estado			
- De Organismos da Administración Central (ESPECIFICAR)			
- Da Administración Xeral da Comunidade Autónoma	16.734	5.929	930
- De Entidades d C.A. incluídas no sector AAPP			
. OAAA da C.A. incluídos en AAPP			
. Sociedades e Entes Públicos da C.A. incluídos en AAPP			
. Universidades da C.A.			
- Das Entidades Locais	28		
- Dos Consorcios			
- De entidades da C.A. non incluídas en AAPP			
- Do resto de entidades do sector público			
7.2. Da Unión Europea		1.307	728
- Do FEDER		1.307	728
- Outras da Unión Europea			
7.3. Do Sector privado			
- Empresas privadas			
- Familias e ISFL			
TOTAL NON FINANCEIRO	71.879	54.001	60.370
8. Activos financeiros		10.119	
8.1. Remanente de Tesorería		10.119	
8.2. Outros activos financeiros			
9. Pasivos financeiros			
TOTAL	71.879	64.121	60.370